



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ

A RÚA DE VALDEORRAS

## **COMISIÓN DE REDACCIÓN**

### **MEMBROS**

EDUARDO LOUREDO RODRÍGUEZ (Coordinador do EDL e profesor de Lingua Galega)

MARÍA JOSÉ BAO RODRÍGUEZ (Xefa Depto. Lingua Castelá)

TERESA FRANCO TORRE (Xefa Depto. Lingua Galega)

MANUEL GONZÁLEZ COLMENERO (Xefa Depto. Inglés)

DAVID GÓMEZ LAGO (Xefe Depto. Francés)

**Revisado 27 setembro 2023**

## PROXECTO LINGÜÍSTICO

### A. INTRODUCCIÓN

O proxecto lingüístico de centro é un documento imprescindible para poder realizar unha planificación lingüística efectiva e coherente.

Tendo en conta que a potenciación do idioma debe ser un labor que implique a toda a comunidade escolar, o proxecto lingüístico preséntase como un documento de consenso en cuestións de promoción da lingua.

Dado que este proxecto debe tomar como punto de partida a Planificación sociolingüística do centro e esta se pretende concretar durante este ano académico, o que aquí establecemos remite directamente á lexislación actual e ó contorno sociolingüístico do centro intuído.

### B. MARCO LEGISLATIVO

A elaboración do seguinte proxecto lingüístico fíxose ó abeiro da lexislación lingüística vixente actualmente:

- ♦ *Constitución española* (art. 3º).
- ♦ *Estatuto de autonomía de Galicia* (art. 50).
- ♦ Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística.
- ♦ LOE /2006 de 3 de maio. LOMLOE
- ♦ Decreto 79/2010 do 20 de maio (DOGA do 25-05-2010) polo que se regula o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.
- ♦ DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia
- ♦ DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Gali

### **C. OBXECTIVOS XERAIS**

- 1 Dar unha imaxe positiva do idioma, non só no instituto, senón tamén en toda a contorna, que favoreza o aumento do seu emprego por parte de toda a poboación do concello e que contribúa a eliminar calquera consideración negativa cara á lingua.
- 2 Concienciar a toda a poboación do concello da vinculación estreita existente entre cultura e idioma. O idioma propio é o mellor medio a través do cal se pode chegar a coñecer, analizar e describir a cultura autóctona.
- 3 Incentivar o emprego do idioma por parte da poboación da Rúa, a través de carteis, adhesivos, actividades para pais...
- 4 Creación en colaboración cos departamentos didácticos de todo tipo de material (escrito, sonoro, visual) redactado no noso idioma.
- 5 Implicar a toda a comunidade educativa no proceso normalizador.
- 6 Converter o galego no idioma de uso maioritario no centro de ensino, tanto a nivel oral como escrito.
- 7 Estender o emprego da lingua galega a proxectos pioneiros no centro, como pode ser o grupo estábel de teatro, as emisións radiofónicas ou diferentes concursos e actividades propostas por todo o profesorado.
- 8 Potenciar o coñecemento da realidade galega (cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte...) partindo da lingua propia.
- 9 Pór en marcha actividades atraentes de todo tipo que teñan como fin a recuperación, primeiro do galego dialectal da zona, para despois ir achegándose ó estándar.
- 10 Implicar a todo o alumnado no proceso normalizador, tanto a nivel oral como escrito.
- 11 Potenciar o coñecemento da realidade galega (cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte...) partindo da lingua propia.
- 12 Potenciar o gusto pola lectura en galego.
- 13 Animar ó emprego do galego como medio de expresión dos sentimentos, da creación literaria e da reflexión sobre cuestións gramaticais estándares e lingüísticas en xeral.
- 14 Utilizar as TIC para promocionar o emprego do galego: usar o taboleiro dixital, os canóns proxectores, a videoconferencia, ferramentas de vídeo, etc...

- 15 Contactar con outros centros para intercambiar información lingüística.
- 16 Incidir no estudo da lingua galega desde unha perspectiva pedagóxica baseada na investigación-acción.
- 17 Participar cos centros da bisbarra nalgunhas actividades encamiñadas á normalización.
- 18 Implicar o persoal non docente no labor de normalización do galego (administrativas, bedeis e limpadoras).

#### **D. DISTRIBUCIÓN HORARIA POR MATERIAS E NIVEIS EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA:**

MATERIAS	1º ESO		2º ESO		3º ESO	
	GALEGO	CASTELÁN	GALEGO	CASTELÁN	GALEGO	CASTELÁN
BiXe	3				2	
FiQui				3		2
XeHi	3		3		3	
EF		2	2		2	
EPVA		2				2
Mat		4		4		4
ReCa	1		1		1	
PC	1		1		1	
TeDi		3		3		
EVEC					1	
Mus				2		2
LGeL	3		3		3	
LCeL		3		3+2		3
1LEInglés						
2IEFrancés						
CuCl					3	
EdDi						3
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>16</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>44%</b>	<b>56%</b>	<b>37%</b>	<b>63%</b>	<b>50%</b>	<b>50%</b>



MATERIAS	4º ESO	
	G	C
XeHi	3	
LCL		3
LGL	3	
Mat B		4
LEIn		
EF	2	
ReCa	1	
PC	1	
BiXe	3	
FiQui		3
Lat	3	
EcEm		3
Dix	3	
Mus		3
SLEFr		
Ora	3	
<b>TOTAL</b>	<b>22</b> 58%	<b>16</b> 42%

TOTAL ESO :

CURSO	GALEGO	CASTELÁN
1º ESO	11	14
2º ESO	10	17
3º ESO	16	16
4º ESO	22	16
<b>TOTAL</b>	<b>59 (48,4%)</b>	<b>63 ( 51,6%)</b>



<b>1º BACHARELATO</b>		
	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
<b>Fil</b>		3
<b>LEIn I</b>		
<b>LGL I</b>	3	
<b>LCL I</b>		3
<b>Lat I</b>	4	
<b>MACSI</b>		4
<b>Mat I</b>	4	
<b>FQui</b>	4	
<b>BXCA</b>		4
<b>DeTe I</b>		4
<b>LiUn</b>		4
<b>Eco</b>		4
<b>EdFi</b>	3	
<b>RelCa</b>	1	
<b>CuCi</b>	4	
<b>SLEFr I</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>23 (47%)</b>	<b>26 (53%)</b>



<b>2º BACHARELATO</b>		
	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
<b>Bio</b>		4
<b>DeTe II</b>		4
<b>EDMN</b>		4
<b>Fis</b>	4	
<b>HiAr</b>	4	
<b>HiFi</b>		3
<b>LEIn II</b>		
<b>LGL II</b>	3	
<b>LCL II</b>		3
<b>Lat II</b>	4	
<b>Mat II</b>		4
<b>Qui</b>	4	
<b>RelCa</b>	1	
<b>TeEn II</b>		4
<b>TIC II</b>	4	
<b>SLEFr II</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>24 (48%)</b>	<b>26 (52%)</b>





<b>CBIFC12</b>		
<b>1º Informática de Oficina</b>		
	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
<b>Ciencias</b>		6
<b>Com. e CCSS</b>	5+2	
<b>Mont. Mant.</b>	10	
<b>Ofim. Arquiv.</b>		8
<b>TOTAL</b>	15 52%	14 48%



<b>CBIFC12</b>		
<b>2º Informática de Oficina</b>		
	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
<b>Ciencias</b>	7	
<b>Com. e CCSS</b>		5+1
<b>Inst. Mant.</b>	9	
<b>Oper. Aux.</b>		9
<b>TOTAL</b>	16 53%	14 47%



<b>CMIFC01</b>		
<b>1º Sistemas Microinformáticos e redes</b>		
	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
<b>Aplic.</b>	9	
<b>FOL</b>		4
<b>Mont. Mant.</b>	9	
<b>Redes locais</b>		8
<b>Sist. Oper.</b>		6
<b>TOTAL</b>	18 50%	18 50%



<b>CMIFC01</b>		
<b>2º Sistemas Microinformáticos e redes</b>		
	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
<b>Aplic. web</b>		7
<b>Empr. E inic.</b>		3
<b>Segurid.</b>	8	
<b>Servizos</b>	9	
<b>Sist. Oper.</b>		9
<b>TOTAL</b>	17 47%	19 53%

## **E. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO**

- Colaboración con todos os departamentos ou membros da comunidade educativa á hora de realizar a/as actividade/s que propoñan para favorecer o espallamento do idioma no centro.
- Asesoramento sobre cuestións relacionadas coa lingua galega, sobre todo o vinculado coas terminoloxías específicas naquelas materias que se imparten en galego.
- Apoio en todo o necesario para consolidar o uso do galego como idioma instrumental da docencia en todas as áreas, principalmente naquelas en que por lei non están obrigadas a empregalo como idioma vehicular. Neste sentido é primordial o asesoramento e apoio que o equipo poida prestar na elaboración de materiais curriculares.
- Colaboración con todos os departamentos didácticos para pór en marcha accións normalizadoras.
- Realización de reunións periódicas coa xunta de delegados co fin de facerlle chegar ó alumnado as actividades e iniciativas propostas polo equipo e viceversa.
- Elaboración e difusión de materiais de apoio lingüístico que faciliten o uso da lingua no noso ámbito, como poden ser léxicos específicos, traducións de todo tipo de textos...
- Espallamento do emprego da lingua galega dentro e fóra do centro, dado que a maior parte da poboación do concello, do profesorado e PAS está instalada no castelán.
- Concienciación do alumnado e do profesorado do importante papel que xogan en cuestións relacionadas coa normalización da lingua. O equipo de normalización propiciará que sexan estes os que por iniciativa propia presenten actividades normalizadoras.
- Impulsar a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, emprego dos diversos recursos que ofrece internet...
- Recopilación de material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Javaclíc...).
- Incentivación dentro das nosas posibilidades do uso do galego, tanto a nivel oral como escrito, en todo tipo de actividades escolares e extraescolares. O EDL propoñerá unha gran variedade de actividades nas que poidan participar alumnado, profesorado, PAS e ANPA. Así mesmo, aproveitarase calquera oportunidade que se presente (excursións, proxeccións, concursos,



exposicións, gravacións, curtametraxes, actuacións, festivais, xogos, competicións, charlas, reunións coas familias...) para o uso vivo da lingua.

- Realización de campañas de galeguización de antropónimos e topónimos.
- Pór en contacto o alumnado coa realidade actual do país (visitas de carácter didáctico a museos, raios, xornais, RAG, Instituto da Lingua Galega, adegas, clubs deportivos...) para que tome consciencia da presenza da lingua na Galicia de hoxe, sobre todo en actividades socialmente prestixiadas.
- Decorar o centro con todo tipo de carteis que dean unha visión moderna e impactante do idioma.
- Proxección cara á comunidade exterior das actuacións do centro en materia de normalización lingüística para implicar a toda a sociedade no labor normalizador.
- Introducción da nosa lingua en actividades ata o momento nunca realizadas no centro (coro, teatro, radio, discurso de graduación 2º de bacharelato).
- Erradicación de prexuízos que a comunidade educativa ten cara ó idioma, facéndolle ver a riqueza que o galego pode proporcionar á hora de formarnos como cidadáns/ás plurilingües.
- Concienciación da estreita relación lingua-cultura.
- Colaboración coa Mesa de Normalización e coa Dirección Xeral de Política Lingüística nas diversas campañas normalizadoras, fundamentalmente no que se refire á distribución de materiais e á participación nas distintas actividades de promoción lingüística que se propoñan para o ano académico.
- Participación na elaboración da páxina web do centro para facilitar a súa realización en galego, tal e como establece a Lei de Normalización Lingüística.
- Colaboración co Concello e con distintas asociacións da Rúa vinculadas ó ocio, lecer e consumo da mocidade (hostalería, comercio, clubs deportivos, grupos ecoloxistas, asociacións veciñais, centros culturais...) para planificar actividades en conxunto, de maneira que se faga chegar de xeito efectivo a lingua galega ós distintos fogares da vila (isto repercutirá directamente no alumnado). Esta colaboración priorizará a galeguización dos espazos nos que a mocidade pasa boa parte do seu tempo libre.
- Selección de artigos de prensa relacionados coa normalización da lingua galega para a súa exposición posterior no taboleiro correspondente ó Equipo de Dinamización, de xeito que todos

teñan coñecemento dos posíbeis cambios na lexislación en materia lingüística e para dar a coñecer aquelas iniciativas que nesta materia poidan estar desenvolvendo outros centros. Este material será incluído posteriormente na revista anual do centro para así darlle un maior espallamento dentro dos fogares do alumnado.

- Adquisición de material didáctico para os distintos departamentos e tamén para a biblioteca.
- Crear unha sección de fonoteca e mediateca en galego na biblioteca e renovala cada ano, de maneira que o alumnado teña coñecemento da riqueza das producións feitas no noso idioma.
- Elaboración dunha revista anual do centro.
- Conmemoración de distintas celebracións para contribuír a asentar o léxico galego relacionado co tema, para espallar a realidade propia de Galicia e para familiarizar a comunidade educativa co emprego do noso idioma á hora de traballar calquera tipo de contido e con calquera material (impreso, videográfico, sonoro, informático..).
- Formación o coro do instituto.
- Creación dunha tradición teatral no centro.
- Realización de material videográfico en galego por parte do alumnado.
- Posta en marcha de novo da radio escolar.
- Creación dunha sección de voluntariado colaborador (alumnado, PAS, ANPA, pais, nais, empresarios da zona, alcalde, traballadores do concello, comerciantes...) dentro do ENL. Ó mesmo tempo que prestan a axuda á hora de realizar actividades normalizadoras, eles/elas mesmos/as van tomando conciencia da necesidade da normalización.
- Establecemento de contactos con outros EDL da zona co fin de intercambiar experiencias e materiais.
- Creación e difusión de blogs de aula, de biblioteca...
- Destinar parte do orzamento do equipo para a adquisición de bibliografía sobre sociolingüística e planificación lingüística, centrada fundamentalmente no ensino.
- Realización no centro de cursos de lingua galega para docentes que sirvan para ir dotando o profesorado dunha boa competencia en galego que lles permita desenvolver as súas ensinanzas neste idioma cun mínimo de calidade e corrección.

## F. CRITERIOS PARA O ESTABLECEMENTO DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO EDUCATIVO

Os criterios que rexerán a determinación da lingua predominante no contorno son os seguintes:

- Contar con datos de tipo cuantitativo e cualitativo.
- Definir os catro índices máis relevantes neste sentido: o contexto sociolingüístico do centro, a situación do profesorado, a situación do alumnado, a ambientalidade do centro.
- Partir das informacións proporcionadas polas fontes de datos secundarios que se teñan a man: bases de datos, libros, revistas, estatísticas, informes... Será fundamental consultar:

*\*Censo de poboación e vivendas 2001.* Instituto Galego de Estatística.

*\*Enquisa de condicións de vida das familias.* Instituto Galego de Estatística.

*\*Mapa sociolingüístico de Galicia.* RAG.

*\*Todo tipo de información recollida nos medios de comunicación locais.*

- Concretar con datos reais o valor dos índices devanditos mediante a realización de enquisas que cubran cada unha das catro variables.
- Completar a información obtida coa técnica da observación participativa e da entrevista aberta.
- Implicar a toda a comunidade educativa (claustro, alumnado, persoal non docente, APA) nas tarefas que se teñan que desenvolver.
- Fomentar a participación activa dos informantes.
- Presentar os resultados obtidos de maneira clara para que cheguen a toda a comunidade escolar.
- Elaborar un arquivo lingüístico que conteña todas as informacións recadadas para poder facer estudos diacrónicos que permitan a comparación de distintos períodos.



## **G. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN**

O alumnado do noso centro, en principio, presenta unha competencia lingüística das dúas linguas oficiais aceptable, aínda que no caso do galego esa competencia non se corresponde co emprego real (oral ou escrito) do idioma.

Por outra banda, son moi poucos os alumnos/as procedentes doutras comunidades españolas ou doutros países os que asisten ó noso centro. Para este tipo de alumnado o centro ten disposto un Plan de Acollida que reúne os principais momentos de integración destes alumnos na realidade da aula e tamén na realidade social, cultural e lingüística da nosa comunidade. Algunhas destas medidas recollidas no Plan son:

- ♦ Darlles unha atención personalizada por parte dos docentes, que adaptan os contidos propios do grupo ó seu nivel.
- ♦ Recibir apoio por parte do Dpto. de Orientación naquelas materias nas que teñen maior problemas de comprensión, como son as de lingua e literatura castelá e galega, xunto coas materias que se dispensan en lingua galega (por ex. xeografía e historia, matemáticas...).
- ♦ Incentivar a súa participación naquelas actividades nas que é imprescindible facer uso do idioma.
- ♦ Partir da súa realidade lingüística para erradicar calquera tipo de prexuízo en relación co noso idioma.